

Asesoría de socios

À ALGA ofrece asesoría técnica para estudantes de Antropoloxía ou licenciados membros da Asociación (de licenciatura, grado, mestrado ou doutoramento). A asesoría é levada a cabo por membros doutores de ALGA, en cuestións diversas tais como:À

- Estudos no estranxeiro
- Estudos de grao, mestrado ou doutoramento
- Planificación de estratexias académicas
- Planificación do currículo académico ou profesional
- Saídas profesionais
- Bolsas
- Deseño e presentación de proxectos
- Participación en proxectos
- Iniciación á investigación
- Organización de memorias de investigación

ALGA tamén facilita un marco corporativo aos socios para a presentación de proxectos en convocatorias públicas. Calquera socio ou grupo de socios pode presentar proxectos, para desenvolver individualmente ou en equipo, a convocatorias públicas en nome de ALGA, seguindo o protocolo interno establecido para estes casos. ALGA facilita o asesoramento necesario.